

# AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR E FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

Saiu publicada no DOG de 20 de maio de 2024 a orde que regula a participación no fondo solidario de libros de texto e convoca as axudas para material escolar do alumnado de ESO e primaria para o vindeiro curso.

Como no IES A BASELLA vanse utilizar ordenadores **EDIXGAL** en todos os cursos da **ESO**, o impreso será destinado á solicitude de material escolar.

O prazo para a entrega da documentación no centro ou por vía telemática remata o **21 de xuño de 2024 (incluído)** .

## DOCUMENTACIÓN

-Solicitude debidamente cuberta. **Lembrar que a persoa solicitante deberá ser a nai, o pai ou titor/a legal do alumno/a**. Se varios irmáns solicitan a axuda no mesmo centro incluíranse nun só documento.

-Engadir tantos Anexos II como sexan necesarios.

-Os menores de idade non poden asinar, farao un dos proxenitores no seu lugar.

-**Fotocopia do libro de familia** ou documento equivalente onde consten todos os membros da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, ademais, deberase achegar a sentenza de separación, divorcio ou convenio regulador.

**Excepcionalmente** poderase acreditar o número de membros computables con outros documentos tales como:

-Certificado ou volante de convivencia.

-Informe dos servizos sociais que acredite a situación da familia.

-Documentación xustificativa de violencia de xénero.

-No caso de **non** autorizar a consulta da identidade, niveis de renda ou discapacidade deberase proporcionar documentación acreditativa.

Para máis información consultar no mencionado DOG, ou preguntar no centro.